

XORNADAS:

PLURILINGÜISMO CLIL 3.0

17 e 18 de Decembro de 2010



XUNTA DE GALICIA

VENRES 17

16.30-20.30 h

16.30-17.00 h

Recollida de documentación

17.00-17.30 h

Inauguración

17.30-19.00 h/Aula 1

Plurilingüismo e interculturalidade: unha misión posible

José Manuel Vez Jeremías

Moitos axentes educativos están de acordo en que a formación e profesionalización dos docentes debe ser renovada co fin de situar a diversidade do alumnado no centro da educación lingüística, pero son poucos os que teñen unha visión clara de como trasladar esta percepción á realidade educativa da aula. Dámonos por satisfeitos con pensar que a nova educación lingüística implica unha atención especializada ao desenvolvemento de competencias pluri-lingües e interculturais do noso alumnado, sen apenas tomar conciencia de que a finalidade principal do plurilingüismo e o encontro intercultural non é outra (e non se dá sen ela) que a *equidade*.

O profesorado europeo de linguas estamos co-implicados nun escenario singular moi diferente ao de 'ensinar linguas'. Interésanos o uso das linguas para aprender mentres se aprende a usar as linguas. Os actuais centros escolares son espazos interculturais onde cómpre relativizar o valor instrumental das linguas para poñer en valor a súa apreciación como chave de acceso ao encontro intercultural. Unha misión difícil? Si, pero necesaria e -por suposto- posible.

19.00-19.30 h

Pausa café

19.30-20.30 h/Aula 1

La Educación 2.0/3.0: de consumidores a intersumidores

A Educación 2.0/3.0: de consumidores a intersumidores

Isabel Pérez Torres

Nesta charla abordarase en que consiste e como pode influír o uso das tecnoloxías da información na aula e, máis concretamente, as aplicacións da Web 2.0 e 3.0. Todo isto en relación coa aprendizaxe integrada de lingua e contidos. Amosaranse exemplos de aplicacións e recursos, así como estratexias educativas para a utilización dos mesmos na aula AICLE.

SÁBADO 18

10.00-14.00 h

Mañá

10.00-11.00 h/Aula 1

**Conocimiento y reconocimiento cultural en la Red
Coñecemento e recoñecemento cultural na Rede**

Félix Villalba e Javier Villatoro

O rápido proceso de adopción das TIC e, en especial, das tecnoloxías relacionadas coa rede Internet, nos ámbitos persoais, laboral e educativo, abriron un amplo abano de posibilidades no relativo á relación entre persoas de diferentes procedencias, permitindo tamén a construción de coñecementos de forma cooperativa. Non obstante, esta supresión de distancias xeográficas e sociais que a tecnoloxía fai posible non é suficiente para eliminar as diferenzas que se propoñen na relación entre persoas con distintos valores e referentes culturais, linguas maternas, etc. Por outra banda, os medios virtuais posúen unha particular idiosincrasia establecéndose neles representacións, prácticas, valores e pautas comunicativas que lle son propias.

Nesta conferencia analizarase a dimensión interactiva da interculturalidade como forma de entender e abordar o feito comunicativo que se produce entre usuarios da rede, facendo especial mención dos espazos virtuais utilizados na comunicación entre estudantes e docentes de diferentes centros educativos e as súas aplicacións na aula.

11.00-12.30 h/Aula 1

El proyecto integrado de lenguas, un proyecto de escuela

O proxecto integrado de linguas, un proxecto de escola

Artur Noguerol e Rosa M^a Ramírez

O proxecto integrado de lingua preséntase nunha dobre perspectiva: primeiro porque a competencia plurilingüe, como afirma o MECR, é unha realidade complexa que só se pode desenvolver se se teñen en conta a diversidade de linguas do alumnado e as que o centro educativo se propón como linguas de escolarización. Segundo, porque se temos que ensinar a usar a lingua, o lóxico é contemplar a diversidade de usos que se requiren para aprender os distintos contidos que se propoñen nas áreas curriculares. Os enfoques plurais da lingua son o novo marco do ensino de linguas.

O proxecto integrado de linguas da Escola Vila Olímpica de Barcelona é un exemplo de como se poden levar a cabo estas propostas e de como un proxecto deste tipo dá sentido a toda a práctica escolar. Porque este proxecto ten como obxectivo central lograr que os nenos e nenas se convertan en cidadáns de pleno dereito na sociedade que lles tocará vivir.

12.30-13.00 h

Pausa café

SECUNDARIA/FP

13.00-14.00 h/Aula 1

CLIL y atención a la diversidad en centros plurilingües

CLIL e atención á diversidade en centros plurilingües

Alberto Lanzat

Esta sesión ten como finalidade ofrecer unha visión xeral das medidas de atención á diversidade, no sentido global do termo, que se poden tomar nun centro plurilingüe cun proxecto CLIL en marcha. Ofreceranse ideas, estratexias e recursos WEB 2.0 para adaptar a implantación do proxecto CLIL aos factores de diversidade existente, con especial atención á pluralidade de culturas e linguas, así como aos diferentes niveis de competencias básicas no alumnado.

PRIMARIA

13.00-14.00 h/Aula 2

Dispositivos para atender a la diversidad en centros CLIL de primaria
Dispositivos para atender á diversidade en centros CLIL de primaria

Juan Bueno

Farase unha introdución aos mecanismos, pautas metodolóxicas e organizativas que, ao noso xuízo, terían que estar presentes na atención á diversidade en centros bilingües. Sobre todo centrarémonos naqueles que levan a cabo a proposta CLIL/AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras) nalgunhas das súas áreas ou materias.

Daremos conta da nosa experiencia particular para atender á diversidade de alumnado do centro. Así como do encaixe de contidos en CLIL (Content and Language Integrated Learning) nun xeito de programar o ensino onde sempre se deseñen estratexias cognitivas de pensamento superior. Todo iso dentro do marco do proxecto bilingüe do CEIP Andalucía <http://www.colegioandalucia.org>
Tamén se poden encontrar algúns artigos sobre dinámicas para evitar a segregación no ensino bilingüe e para mellorar o rendemento académico en: <http://oneub.wordpress.com>

16.00-20.00 h

Tarde

16.00-16.50 h/Aula 1

BEP Network- Bilingual Education Platform

Manuel F. Lara Garrido

Debido á desorientación xeneralizada observada en moitos e moitas docentes encargados de levar a cabo os proxectos bi/plurilingües nos seus respectivos centros e vendo a necesidade de apoio e orientación existente, pensamos que a creación dunha gran comunidade na rede onde os docentes, investigadores, editores e a propia administración puidesen estar en contacto directo e compartir inquietudes, preocupacións, boas prácticas... sería algo moi beneficioso e produtivo para todos.

PRIMARIA

16.50-18.00 h/Aula 1

BOAS PRÁCTICAS

As Seccións Bilingües no CEIP Salustiano Rei Eiras

Daniela Martínez Somoza

O programa plurilingüe e as seccións bilingües no CEIP Vilar de Barrio

M^a Isabel Blanco Pumar

18.00-18.30 h

Pausa café

18.30-19.45 h

OBRADOIROS

Educación Artística/Aula 2

Experiencias CLIL na materia de Plástica: Reusing in Art, Pointillism...

Isabel Blanco Pumar

Coñecemento do Medio/Aula 3

Achegando SCIENCE ao primeiro ciclo

Daniela Martínez Somoza e Rosario Varela Fernández

19.45-20.00 h

Clausura

SECUNDARIA

16.50-18.00 h

BOAS PRÁCTICAS

Inglés/Aula 2

A implantación do CLIL no IES Virxe do Mar

M^a Gloria Rivas Rodríguez

Organización das Seccións Bilingües no CPI Cernadas de Castro de Lousame

Clara Cristela Rodríguez Núñez

Francés/Aula 3

Cinco anos de bilingüismo no IES Monte Castelo de Burela

M^a Jesús Fuentes Silveira

Unha experiencia con vocación de continuidade

Juan Luis Neira González

18.00-18.30 h

Pausa café

18.30-19.45 h

OBRADOIROS

Matemáticas/Aula 5

MatesCLICK + MatesCLIL [?] = MatesCLIL nun CLICK

Manuel Trigás Verdini

Plástica/Aula 6

Elaboración de materiales didácticos

Sonia M^a Álvarez Fernández

Biología/FQ/CCNN/Aula 7

Elaboración de materiales CLIL para Ciencias

Jesús Fidalgo Fernández

CCSS/Cultura Clásica/Aula 8

Elaboración de materiales CLIL en inglés para Ciencias Sociales e Cultura Clásica

Clara Cristela Rodríguez Núñez e Gloria Rodríguez Leal

Filosofía/Cidadanía/Ética/Aula 9

Filosofía, Ética e Cidadanía en Inglés no encerado dixital

M^a Gloria Rivas Rodríguez

Tecnoloxía/Aula 10

Creación de recursos educativos mediante o emprego de tecnoloxía Flash

Demetrio Hermida Castro

Educación Física/Aula 11

Modelo de intervención en Educación Física- Sección Bilingüe

Eneko Sertucha Lista

Música/Aula 12

The incomplete & utter story of a CLIL Music Teacher

Beatriz López-Suevos Hernández

19.45-20.00 h

Clausura

FORMACIÓN PROFESIONAL

16.50-18.00 h/Aula 4

BOAS PRÁCTICAS

The Advantages and Challenges of CLIL (unha experiencia CLIL na FP

M^a Teresa Jiménez Bértolo

A experiencia docente nunha sección bilingüe de formación profesional

Carlos Carrión Álvarez

18.00-18.30 h

Pausa café

18.30-19.45 h/Aula 4

OBRADOIROS

Teaching Food Control through English

M^a Teresa Jiménez Bértolo

19.45-20.00 h

Clausura

LINGUAS ESTRANXEIRAS

18.30-19.45 h/Aula 1

OBRADOIRO

Deconstruíndo materiais CLIL

Francesca Vidal Santallucia e Natàlia Maldonado Martín

Nesta sesión, analizaremos materiais CLIL preparados para a súa utilización (para educación primaria e secundaria) co fin de atopar o equilibrio entre o desafío cognitivo e as oportunidades dadas para o desenvolvemento de competencias tanto persoais como daquelas relacionadas coa materia e coa lingua. Experimentaremos cunha variedade de ferramentas para observar secuencias de aprendizaxe, así como para destacar os aspectos que hai ter en conta cando se deseñan materiais CLIL.

Esta será unha sesión práctica na que se darán indicacións sobre a planificación de actividades e deseño de materiais.

19.45-20.00 h

Clausura

ORGANIZA:

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

DIRIXIDO A:

- Profesorado AICLE/CLIL de seccións bilingües e centros plurilingües
- Profesorado coordinador dos programas AICLE/CLIL
- Profesorado de linguas estranxeiras

OBXECTIVOS:

- Difundir propostas de traballo AICLE/CLIL e o seu apoio no contorno 3.0
- Ofrecer unha formación inicial para o profesorado de centros plurilingües e sección bilingües
- Presentar unha xornada de integración e apoio para todo o profesorado implicado nestas accións

NÚMERO DE PARTICIPANTES:

1000

DURACIÓN:

12 horas

INSCRICIÓN:

Ata o 1 de decembro de 2010, a través da web:

www.edu.xunta.es/fprofe

INFORMACIÓN:

ASESORÍA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

Tfno.: 981 95 75 38

DATAS:

17 e 18 de decembro de 2010

LUGAR:

Universidade Laboral (Culleredo-A Coruña)

<http://centros.edu.xunta.es/iescruceirobaleares/>



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA